


NOTA DE PRENSA

Club de Lectura #BiblioMARCO / Biblioteca-Centro de Documentación

Proxección do documental “Capturing Lee Miller” (VOSE) e coloquio posterior

INFO 📍 <https://www.marcovigo.com/es/content/noticias>



Xoves 9 de marzo ás 19.00

Salón de actos do MARCO

VOSE Versión orixinal subtitulada en español

Aberto ao público en xeral
ENTRADA GRATUÍTA ata
completar capacidade

Posibilidade de reserva de praza para
participantes Club de Lectura, AAM
Agrupación Amiga do MARCO, e
asistentes curso cine

Reservas ata o 8 de marzo en
centro.documentacion@marcovigo.com

Como actividade complementaria do **Club de Lectura #BiblioMARCO**, e no contexto do 8M Día Internacional da Muller, a Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO organiza a **proxección do filme “Capturing Lee Miller”**, seguida dun **coloquio** co público asistente.

Pola súa banda, como colaboración especial nesta actividade, a librería **LASAL BOOKS** situará xunto á entrada do salón de actos unha selección de publicacións relacionadas coa obra de mulleres fotógrafas.

“Capturing Lee Miller”

Dirección: Teresa Griffiths / Reino Unido, 2020 / Duración: 60 min.

Trailer: <https://www.youtube.com/watch?v=CFMdOMOefX4>

Sinopse e datos técnicos: <https://www.filmaffinity.com/ar/film105225.html>

A estadounidense Lee Miller (Poughkeepsie, Nova York, 1907-1977) é unha das iconas femininas máis notables do século XX. Unha modelo convertida en fotógrafa reconvertida en reporteira de guerra: Miller elixiu vivir a súa vida segundo as súas propias regras. Este documental rende homenaxe a unha muller que desafiou calquera que intentase suxeitala, poñela nun pedestal ou encadrarla dalgún xeito. Conta a historia dunha pioneira, con frecuencia en desacordo coa moral da época, que se negou a ser sometida polas figuras masculinas dominantes que a rodeaban.

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

comunicacion@marcovigo.com